

ACTA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE

Sesión do 17 de decembro de 2015

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Xunta de Facultade, o xoves 17 de decembro de 2015, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1. Lectura e aprobación das actas anteriores (17 e 26 de novembro de 2015)**
- 2. Informe da Decana**
- 3. Aprobación, se procede, da rotación fixa por pares de materias optativas de 4º de grao**
- 4. Aprobación, se procede, dos informes para as solicitudes de avaliación da actividade docente (quinquenios) presentadas polo profesorado**
- 5. Valoración e aceptación, se procede, da solicitude de certificación do sistema de garantía de calidade**
- 6. Rolda de intervencións**
- 7. Adenda: Aprobación, se procede, da emisión de informe favorable á proposta (remitida polo Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá) para a concesión do grao de Doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo á escritora Dna. Erín Moure.**

- 1. Lectura e aprobación das actas anteriores (17 e 26 de novembro de 2015)**

Apróbanse as actas das sesións anteriores por asentimento.

- 2. Informe da Decana**

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Desculpa a ausencia de: Ladislao Castro (obrigas docentes), M^a Dolores Domínguez, (obrigas laborais), María López (cita médica), Ángeles Coello (obrigas académicas) e M.Carmen Fernández (vacacións).

- Informa que o pasado día 28 de novembro houbo unha xuntanza en Santiago, de diferentes institucións e empresas, para falar sobre o decreto de Guías de turismo publicado no mes de maio pola Xunta. Se comentou que se está a falar cos partidos políticos para que na lei de patrimonio se inclúa a figura de intérprete do patrimonio.
- Comenta que antes, xunto co informe de seguimento elaborábase un “informe anual de resultados”, este último procedemento foi substituído polo denominado “informe de revisión pola dirección”. Ante certas dúbidas enviouse un primeiro borrador nestes días á Área de calidade para a súa valoración.
- A decana preguntalle aos representantes de alumnos polo curso sobre elaboración do TFG que imparte a biblioteca. Estes comentan que lle transmitiron a información aos seus compañeiros pero que non comentaron nada máis ao respecto.
- Informa que xa notificaron as cantidades que se incluírán no presuposto do ano que ven. Entre as novidades cabe destacar que xa non hai VAD, todo se remite ao contrato-programa e que a UVigo mudou os parámetros do reparto que estaba obsoleto; a pesar de que o vicerreitor de economía e planificación especificou que terían en conta non perxudicar ás facultades pequenas, recibíronse 2.000€ menos con respecto ao ano pasado.

Tras centralizar os gastos do edificio, que antes levaba a Facultade, das previsións de gastos sobraron 18.000€ que van revertir na nosa facultade.

Co resto do orzamento deste ano, contratouse á empresa Xeitura para que faga unha campaña de difusión do grao nos institutos da provincia. Esta campaña tamén incluírá unha visita institucional para presentar ao centro.

- Está en proceso de reforma a web da facultade. A empresa responsable poñerase en contacto co profesorado para recabar información.
- Informa a decana de que á volta do Nadal se comezará co proceso de elección aos representantes do PDI non funcionario, estudantes e PAS na Xunta de centro.
- A decana cédelle a palabra ao profesor Julio Prada, representante do centro na Comisión do doutoramento do Campus da Auga para que informe sobre a primeira xuntanza. O obxectivo é que a memoria estea realizada para acreditarse dentro dun ano.

Informa de que hai que ir pensando quen pode estar neste programa de doutoramento, cuxos requisitos son elevados. Lembra que non se pode pertencer a máis de dous programas e que cando esto sucede, os méritos repártense á metade.

Julio pide que se difunda entre os compañeiros para saber quen queredría estar. A información que se recabe se lle transmitirá a el.

3. Aprobación, se procede, da rotación fixa por pares de materias optativas de 4º de grao

Na Xunta extraordinaria pasada non se puido aprobar este punto porque non figuraba na orde do día. A decana solicita que este cambio sexa fixo e non se cambie dentro de dous anos e que abarque ao plano de estudos actual.

4. Aprobación, se procede, dos informes para as solicitudes de avaliación da actividade docente (quinquenios) presentadas polo profesorado

Presentaron solicitudes de informe para a avaliación da actividade docente os seguintes profesores: Alberto Valín, Yolanda Barriocanal, Elena de Uña e Francisco Javier Pérez.

Apróbase emitir informes favorables ás peticións presentadas.

5. Valoración e aceptación, se procede, da solicitude de certificación do sistema de garantía de calidade

A decana informa de que a certificación do Grao en Xeografía e Historia será no curso académico 2017/18. Virán uns avaliadores externos que solicitarán documentación dos últimos cinco cursos académicos aleatoriamente a calquera PDI ou PAS. Polo que compre que se empece a recompilar dita documentación.

A profesora Beatriz Vaquero pregunta se a certificación é independente a que se vaia ir ao 3+2. A decana contesta que en principio si.

A certificación do sistema de garantía de calidade aínda que non é obrigatoria, pode interesarnos estratexicamente. A proposta do equipo decanal é facela coincidir coa certificación do grao xa que en parte os avaliadores/as son coincidentes.

A profesora Beatriz Vaquero solicita que se vaia pedindo a documentación a medida que sexa necesario e informando do que é necesario archivar.

Acéptase por unanimidade ir voluntariamente á certificación do sistema de calidade do centro.

6. Rolda de intervencións


Non hai

7. **Adenda: Aprobación, se procede, da emisión de informe favorable á proposta (remitida polo Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá) para a concesión do grao de Doutora Honoris Causa pola Universidade de Vigo á escritora Dna. Erín Moure.**

Acéptase por unanimidade informar favorablemente á proposta.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.45 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboresda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez

XUNTA DE FACULTADE

ORDINARIA

17/12/2015

ARRIBAS ÁLVAREZ, MCARMEN
BARRIOCANAL LÓPEZ, YOLANDA
CALVIÑO FREIRE, DAVID
CASTRO LÓPEZ, LADISLAO
CID NARVÁEZ, DANIEL
COELLO FDEZ, M^a ANGELES
COMENDADOR REY, BEATRIZ
DÍAZ ALONSO, XOEL
DOMÍNGUEZ PEREIRA, M^a DOLORES
FDEZ CONTRERAS, M^a CARMEN
GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT
GÓMEZ MANSO, BELÉN
JUANA LÓPEZ, JESÚS DE
LÓPEZ DÍAZ, MARÍA
MORODO DEL RÍO, JOSE

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
SI	
SI	
	SI
SI	
	SI
	SI
SI	
	SI
	SI
SI	
	NO
SI	
	SI
	NO

PÉREZ LOSADA, FERMÍN
PÉREZ RODRÍGUEZ, FCO. JAVIER
PRADA RODRÍGUEZ, JULIO
PRESEDO GARAZO, ANTONIO
REAL LÓPEZ, ARTURO
REBORDA MORILLO, SUSANA
SÁNCHEZ DÍAZ, ROI
SIXIREI PAREDES, CARLOS
UÑA ÁLVAREZ, ELENA DE
VALÍN FERNÁNDEZ, ALBERTO
VAQUERO DÍAZ, BEATRIZ

	NO
	NO
SI	
SI	
SI	
SI	
	NO
	NO
SI	
	SI
SI	